ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU21006

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario Os fondos para a recuperación, transformación e resiliencia: análise desde o punto de vista da contratación pública e outras fórmulas non contractuais

CONVOCATORIA: Webinario Os fondos para a recuperación, transformación e resiliencia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	3
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 23/02/2021 - 08:00h ao 02/03/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Convocatoria: DOG núm. 35, do 22 de febreiro e Corrección de erros do 23 de febreiro.

Os novos fondos para a recuperación, transformación e resiliencia supoñen a apertura dunha xanela de oportunidade en moitos ámbitos.

A pandemia da COVID-19 cambiou as perspectivas económicas dos próximos anos na Unión Europea. Para facer fronte á crise económica non só se aprobou un novo marco financeiro plurianual senón tamén un novo paquete de fondos (Next Generation) e, en particular, o instrumento do mecanismo de recuperación e resiliencia que supoñerán para España uns 140.000 millóns de euros.

Así mesmo, xa se incluíron nos orzamentos xerais do Estado partidas para a súa exe-cución e aprobouse unha norma para este efecto, o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

A conferencia pretende expoñer de forma práctica os principais elementos deste real decreto e analizar os aspectos máis relevantes: os proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (Pertes), o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as posibilidades de colaboración público-privada, os cambios na contratación pública e outras fórmulas non contractuais.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Este seminario web abordará os seguintes contidos:
• Introdución á nova normativa e directrices básicas.
• Os Pertes. Que son, requisitos de deseño, proceso de aprobación.
• O Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
• Resumo de fitos e datas claves.
• As manifestacións de interese.
• A elección, redacción de proxectos e procedementos.
• Requisitos para a presentación dos proxectos.
• Sociedades de economía mixta.
• Agrupacións.

• A contratación pública no Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e na Lei de orzamentos xerais do Estado. Impacto e recomendacións prácticas. Fórmulas contractuais e non contractuais.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as personas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Unión Europea) e despois seleccionar, en nome do curso, Webinario Os fondos para a recuperación, transformación e resiliencia.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 09/03/2021 a 09/03/2021
NUM. PRAZAS: 60	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

FRANCISCO JAVIER VAZQUEZ MATILLA SLU

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

Sala telepresenza: O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

Sala telepresenza: O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

Sala telepresenza: O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

Sala telepresenza: O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual